PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 314 | VIII lexislatura | 16 de setembro de 2010

Fascículo 4

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e do seu financiamento, e outras medidas tributarias

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 47920) 91629

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e do seu financiamento, e outras medidas tributarias

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia, seis emendas (doc. núm. 47921) 91632

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, dúas emendas (doc. núm. 47924) 91636

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade e mais ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e do seu financiamento, e outras medidas tributarias

A Mesa da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 15 de setembro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas:

- 08/PL-0016(41655)
Presidencia da Xunta de Galicia
De medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e do seu financiamento, e outras medidas tributarias
BOPG núm. 302, do 31.08.2010

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emenda á totalidade

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 47920)

Emendas ao articulado (un total de oito)

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia, seis emendas (doc. núm. 47921)

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, dúas emendas (doc. núm. 47924)

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2010
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2010 18:08
Nº Rexistro: 47920
Data envio: 09/09/2010 18:08:55.891

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade**, con petición de devolución, ao Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias.

O texto debe ser devolto polas seguintes razóns:

1. A Xunta de Galicia carece dunha política de vivenda para garantir as familias galegas o dereito constitucional a unha vivenda digna.
2. Este proxecto de lei non ten incidencia sobre un dos principais problemas para a compra dunha vivenda, como é as dificultades de acceso ao crédito.
3. Fronte os problemas do sector da construción derivados da crise económica que teñen como consecuencia a destrución de emprego e o incremento do paro, a Xunta de Galicia anuncia que este proxecto de lei será a solución os graves problemas do sector. sen aportar ningunha estimación dos efectos económicos de reducir un 0,25% o prezo dunha vivenda nova, mentres practica a paralización das obras públicas e da vivenda protexida, políticas de demostrado efecto multiplicador positivo na economía.
4. Este proxecto de lei é regresivo e inxusto, prexudicando á distribución da renda xa que beneficia en igual medida os adquirentes de vivenda nova de baixa renda que acceden a súa residencia habitual que os compradores de renda alta que compran segundas ou ulteriores residencias e dado que a rebaixa fiscal para todos eles será do 0,25%.
5. Nun contexto de claros recortes sociais en Galicia non é o momento de reducir os ingresos públicos aplicando medidas universais de dubidosa eficiencia, mentres esta redución da capacidade financeira da Xunta levará aparellados novos recortes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2010 18:08
Nº Rexistro: 47920
Data envio: 09/09/2010 18:08:55.891

6. Non existe ningunha estimación do efecto esperado sobre o sector inmobiliario, que ben podería absorber o efecto desta medida incrementando o prezo, nin se aporta información sobre os cambios orzamentarios que se derivarán deste proxecto, soamente se indica "a corto prazo a menor recadación polos beneficios fiscais que supoñen estas medidas deberán rexistrarse nos orzamentos compensándose con maiores ingresos ou con menores gastos", pero nin unha estimación dos gastos da Xunta que se verán afectados.
7. Este proxecto non é só que sexa regresivo por tratar igual os adquirentes de residencia habitual que os de segundas ou ulteriores residencias sexan novas ou para rehabilitar, senón que ademais non discrimina nin sequera por prezo da vivenda, sendo polo tanto dobremente regresiva.
8. O ditame do CES cuestiona dun xeito grave este proxecto.

Pazo do Parlamento, 09 de setembro de 2010

Asdo.: Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2010 18:08
Nº Rexistro: 47920
Data envio: 09/09/2010 18:08:55.891

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/09/2010 17:58:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2010 18:09
Nº Rexistro: 47921
Data envio: 09/09/2010 18:09:51

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS TRIBUTARIAS NO IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS PARA A REACTIVACIÓN DO MERCADO DE VIVENDAS, DA SÚA REHABILITACIÓN E O SEU FINANCIAMENTO, E OUTRAS MEDIDAS TRIBUTARIAS (NUM. EXPE. 08/PL-0016).

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Débese modificar o Artigo 1.- que quedará redactado co seguinte contido:
"Artigo 1.- Tipo de gravame aplicable nas escrituras que documenten a adquisición de vivenda habitual suxeita ó imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais e constitución de préstamos hipotecarios destinados ó seu financiamento.
1. Nas primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda habitual suxeita ó imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, ou a constitución de préstamos hipotecarios destinados ó seu financiamento, o tipo de gravame aplicable será do 0,5% sempre que se cumpra o seguinte requisito:
- Que o prezo de adquisición da vivenda aos efectos da aplicación deste gravame non supere 1,5 veces o prezo máximo de venta de vivendas protexidas establecido pola Xunta de Galicia para cada zona territorial.
Nos restantes casos será de aplicación o tipo xeral vixente para estas operacións, 0,75%.
2. Nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición de vivenda habitual suxeita ó imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, ou a constitución de préstamos hipotecarios destinados ó seu financiamento, o tipo de gravame aplicable será do 0,75% sempre que se cumpra o seguinte requisito:
- Que o prezo de adquisición da vivenda aos efectos da aplicación deste gravame non supere 1,5 veces o prezo máximo de venta de vivendas protexidas establecido pola Xunta de Galicia para cada zona territorial.

Nos restantes casos será de aplicación o tipo xeral vixente para estas operacións, 1%."

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 2

Débese modificar o Artigo 2.- que quedará redactado co seguinte contido:
"Artigo 2.- Tipo de gravame aplicable no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, á adquisición de vivenda habitual que vaia ser obxecto de inmediata rehabilitación.
1. No imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, o tipo de gravame aplicable á adquisición de vivenda que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación será do 6% sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
a) Que a vivenda vaia constituír a residencia habitual do suxeito pasivo.
b) Que o prezo de adquisición da vivenda aos efectos da aplicación deste gravame non supere o 80% do límite establecido no Artigo 1 desta lei.
2. Nos restantes casos o tipo de gravame aplicado para estas operacións será o vixente, 7%.
3. Os efectos desta lei, son obras de rehabilitación de vivendas as que reúnan os requisitos establecidos no número 22ºB) do apartado un, da artigo 20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, agás as obras destinadas á mellora e adecuación de cerramentos, instalacións eléctricas, auga e climatización e protección contra incendios, que se considerarán coma obras análogas.
4. Na escritura pública que documente a adquisición, indicarase que a vivenda vai ser obxecto de inmediata rehabilitación. As obras de rehabilitación deberán estar rematadas nun prazo inferior os 24 meses dende a concesión da correspondente licenza, non podendo exceder os 36 meses dende a data de devengo do imposto. A estes efectos, no prazo dos 30 días posteriores á finalización dos 36 meses, o suxeito pasivo deberá presentar ante a administración tributaria, a licenza de obras e as facturas derivadas da rehabilitación con desglose por partidas. O incumprimento desta obriga determinará a perda do dereito ó tipo reducido."

Emenda nº3, de Modificación. Disposición derradeira segunda

Débese modificar a Disposición derradeira segunda que quedará redactada co seguinte contido:
"Disposición derradeira segunda. Lei de orzamentos
As Leis de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán modificar os requisitos para acadar os beneficios fiscais previstos nesta norma."

Emenda nº4, de Adición. Disposición derradeira terceira

Débese engadir nova Disposición derradeira terceira bis. que quedará redactada co seguinte contido:
"Disposición derradeira terceira bis. Homoxeneidade de tratamento
En aras a homoxeneizar os requirimentos desta lei coa Lei galega 4/2009 de medidas tributarias relativas o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para fomento do acceso á vivenda, amplíanse os requisitos para acadar os beneficios fiscais da lei 4/2009 que só poderán aplicarse cando se cumpran os requisitos establecidos na referida lei e non se superen os límites o prezo da vivenda adquirida establecidos no artigo primeiro da vixente lei."

Emenda nº5, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no terceiro parágrafo da Exposición de motivos o seguinte texto:
"Dende a entrada en vigor desa lei, puxéronse de manifesto os seus efectos favorables, rexistrándose un incremento no número de adquisicións de vivendas polo colectivo ao que ía dirixida, por comparación co mesmo período do ano anterior."

Emenda nº6, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no cuarto parágrafo da Exposición de motivos o seguinte texto:
"Deste xeito lograrase reactivar tanto o mercado de vivendas coma o sector da rehabilitación co conseguinte aumento da transaccións inmobiliarias, das contratacións de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2010 18:09
Nº Rexistro: 47921
Data envio: 09/09/2010 18:09:51

desempregados do sector da construción para os traballos de rehabilitación, e polo tanto tamén dos ingresos impositivos derivados, tanto do imposto sobre tansmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados como do IVE."

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/09/2010 18:09:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2010 18:23
Nº Rexistro: 47924
Data envio: 09/09/2010 18:23:08

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS TRIBUTARIAS NO IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS PARA A REACTIVACIÓN DO MERCADO DE VIVENDAS, DA SÚA REHABILITACIÓN E O SEU FINANCIAMENTO, E OUTRAS MEDIDAS TRIBUTARIAS (NUM. EXPE. 08/PL-0016).

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Proponse substituir a redacción dada polo proxecto de lei ao artigo 1, polo seguinte texto:

"Artigo 1.- Tipo de gravame aplicable no imposto sobre actos xurídicos documentados, na sua modalidade de documentos notariais, á adquisición de primeira vivenda habitual e á constitución de prestamos hipotecarios destinados ao seu financiamento.
Nas primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda habitual suxeita ao imposto sobre actos xurídicos documentados, na sua modalidade de documentos notariais, ou a constitución de prestamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, o tipo de gravame aplicable será o 0.5% sempre e cando se cumpran simultáneamente as seguintes condicións:
a) Que o contribuinte obtivese necesariamente rendimentos netos do traballo e/ou rendimentos netos de actividades económicas suxeitos ao imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio mais próximo ao da adquisición cuxo período de declaración teña rematado, sen que podan exceder de 24.000 euros, no caso de tributación individual, ou de 30.000 euros, no caso de tributación conxunta.
b) Que a vivienda adquirida sexa a primeira vivenda habitual no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza e non disfrutase antes de ninguna outra en plena propiedade nin en usufructo nin por medio de calqera outro dereito real de uso de carácter vitalicio.
c) Que o valor da vivienda adquirida aos efectos do imposto sobre o patrimonio non supere os 150.000 euros.

d) Que a superficie construida da vivienda adquirida non supere os 120 metros cadrados.
e) Que o contribuinte resida efectivamente na vivenda un mínimo de tres anos desde a data de adquisición."

Emenda nº2, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 2

Proponse substituir a redacción dada polo proxecto de lei ao apartado 1 do artigo 2, polo seguinte texto:

"1.- No imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, o tipo de gravame aplicable á adquisición de vivendas que constituan a primeira vivenda habitual do contribuinte e que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación será do 6%, sempre e cando se cumpran simultaneamente as seguintes condicións:
a) Que o contribuinte obtivese necesariamente rendimentos netos do traballo e/ou rendimentos netos de actividades económicas suxeitos ao imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio mais próximo ao da adquisición cuxo período de declaración teña rematado, sen que podan exceder de 24.000 euros, no caso de tributación individual, ou de 30.000 euros, no caso de tributación conxunta.
b) Que a vivienda adquirida sexa a primeira vivenda habitual no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza e non disfrutase antes de ninguna outra en plena propiedade nin en usufructo nin por medio de calqera outro dereito real de uso de carácter vitalicio.
c) Que o valor da vivienda adquirida aos efectos do imposto sobre o patrimonio non supere os 150.000 euros.
d) Que a superficie construida da vivienda adquirida non supere os 120 metros cadrados.
e) Que o contribuinte resida efectivamente na vivenda un mínimo de tres anos desde a data de adquisición."

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 08/09/2010

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2010 18:23
Nº Rexistro: 47924
Data envio: 09/09/2010 18:23:08

12:47:53

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/09/2010 12:47:58

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
   1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   2.1 INVESTIDURA
   2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
   3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   3.5 MOCIÓNS
   3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
   3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
   3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   4.2 INTERPELACIÓNS
   4.3 PREGUNTAS
   4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   5.3 VALEDOR DO POBO
   5.4 CONSELLO DE CONTAS
   5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
   7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
   7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
   8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
   8.2 PERSOAL
   8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   9.1 INFORMACIÓNS
   9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727